



## O carballés Manuel Andrade Cristóbal distinguido co prestixioso Premio CARLOS III

Este premio instituído pola Real Federación Española de Caza e pola Fundación para a conservación dos hábitats e as especies “FEDENCA”, é o máximo galardón anual que se outorga a unha persoa que se distinguiu pola súa obra e traxectoria en pro da defensa das especies, os hábitats e a caza.

Os méritos destacados polo xurado son entre outros: a constitución da Fundación para o estudo e a conservación dos hábitats e as especies; a creación da Escuela Española de Caza, e a construción do Campo de Prácticas Cinegéticas de Castillejo de Robledo. Durante o seu mandato ao fronte da Real Federación Española de Caza promoveu a realización de numerosos estudos científicos entre os que destacan: a vacina recombinante para o coello de monte, a xenética da perdiz roxa, o estudo sobre os vectores da mixomatose, o conteo e anelamento das codornices, conteo da entrada de tórtolas, a colaboración con numerosos estudos de entidades ecoloxistas, etc.; así como a publicación de varios libros, entre os que cabe destacar: o oso partdo, a xenética da perdiz roxa, o exame do cazador, a creación do premio novela corta e a publicación das novelas premiadas cos seus prólogos personais.

Ademáis de todo isto, o xurado valorou o intenso traballo ante as administracións e lexisladores, sobre as leis e a armonización de normativas comunitarias e autonómicas.

Como especial mención cítase a eficaz labor feita no Parlamento Europeo ante os Eurodiputados co motivo do seu cargo como Presidente da Federación Europea de Caza e os esforzos e publicacións de varias normas éticas para cazadores e usuarios da natureza.

O Presidente da Federación Galega de Caza, en nome dos cazadores galegos, manifestou a súa máis sincera felicitación a Andrade, tamén ex-presidente da FGC, e amosou o seu orgullo porque un galego se encontre entre os galardonados premiados co *Carlos III* que, entre outros, recibiron a súa Maxestade o Rey, o escritor e académico Miguel Delibes, o político Manuel Fraga, o escritor e insigne pintor Mariano Aguayo, ou o prestixioso Henri Sesllenabe, entre outras personalidades.

Este premio será entregado no transcurso da Gala Anual de la Caza que terá lugar o vindeiro 23 de maio no Palacio de Congresos y Exposiciones de Madrid, ante a presenza dos representantes das federacións de caza e das autoridades autonómicas e estatais que confirmaron a súa asistencia ao acto.

### Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)